

Escribe, o monxe Ordoño, cando relata como debéron ser os pormenores do proceso de elección das Terras de Vilariño por parte de Rosendo Gutierrez para levar a cabo a súa fundación monacal, que, logo de recibir o beneplácito do rei Ramiro, ó volver de novo a este lugar "quedo muy satisfecho de que el paraje estuviere lleno de viñedos, de frutales y de terras de labradío, y cubierto en la llanura de praderas y regado de excelentes aguas, donde empezò a edificar, con la ayuda de su madre Ilduara, viviendas para monjes..."; facendo referencia así a un dos primeiros documentos de interpretación da paisaxe que sen dúbida poden estar rexistrados pola historiografía galega. Pois ben, con estes antecedentes que demostran diafanamente ata que punto a paisaxe forma parte consustancial deste entorno de media montaña e veiga, é polo que propoñemos realizar nada menos ca un paseo pola historia de Galicia, non en van ó percorrer este rotoiro circular acabaremos realizando unha transposición temporal que nos levará dende os tempos preteritos dos castrexos de Castromao ata a literatura máis actual do século XX.

OBJECTIVOS DA RUTA

- \* Coñecer o longo recorrido co que conta a historia de Celanova e como as sucesivas pegadas patrimoniais que esta deixou sobre o espazo, constitúen unha máis que fiel extrapolación da propia historia de Galicia.
- \* Descubrir ata que punto a paisaxe e o patrimonio acababan permanecendo ligados a través do tempo, axudando a concientizármolos de que a interpretación e protección do medio non é un invento das novas xeneracións.
- \* Coñecer como a terras de Celanova influíu na obra literaria Curros Enríquez, Castor Elíes, Celso Emilio Ferreiro, Pepe Velo ou Méndez Ferrín.
- \* Adentrarse nalgunhas lendas que se conservan no entorno, tales como a da Virxe do Cristal, o cidade perdida Cachiquimbra ou a pedra de San Rosendo, interpretándose como singulares lecturas da historia por parte da sociedade que a protaxonizou.

PERCORRIDO

A ruta iníciase no alto do Portiño, ó pé da estrada C-531, tomando cara Einibó e continuando por vellas veras de carro que baixan ata a Carballeira de Mourillós e a Coutada, atravesando o regato da Serra e chegando finalmente ata a estrada N-540 no Cristal. Logo de pasar a carón da capela da Virxe do Cristal, pola Barronca sube a Vilanova. De aí continúa, pola Roda, ata o alto da Candarela, onde toma unha desviación cara Castromao. A chaireira da Cortiña Grande, xa en terras de Amoroce, é o preludio da subida polas ladeiras de Cachiquimbra ata o alto da Casa da Neve, dende onde se pode gozar dunha fermosísima panorámica da vila e do resto da comarca. A partir de aquí comeza unha longa baixada por Catón, Casasó e o Burgo, ata chegar á vila polo cemiterio de San Verísimo.

- Castromao: A cultura castrexa**
  - \* Oxecemento arqueolóxico de Castromao é un dos principais referentes da cultura castrexa do Noroeste peninsular, tanto pola súa longa presenza no tempo (Sec. V a.C. ata o Sec. II d.C.), como pola riqueza documental que ten sido exhumada.
  - \* Visitando este xacemento é moi doado adquirir unha clara referencia do proceso de romanización de Galicia, así como do seu asentamento social en aldeas.
- Capela de San Miguel: O monacato en Galicia**
  - \* É o único resto arquitectónico que se conserva da etapa fundacional de San Rosendo. Levantada no século X, destacan os arcos de ferradura e outros elementos arquitectónicos propios da arquitectura da Repoboación.
  - \* Visitando, pódese facer unha aproximación ós tempos da repoboación cristián non só en Galicia, senón no Norte da Península Ibérica.

Vilanova dos Infantes: As vilas medievais e os Irmandiños

- \* O núcleo urbano constitúe un interesantísimo conxunto, de características únicas como burgo medieval. O seu principal elemento arquitectónico é o castelo, do que se conserva a torre da homenaxe.
- \* O visitar Vilanova pódese obter unha referencia histórica do poder feudal que conviú co poder monacal, así como do conflito social de mediados do século XV que desembocou nas loitas irmandiñas en toda Galicia.

Mosteiro de San Salvador: O barroco galego

- \* O mosteiro expresa as épocas de meirande esplendor da arquitectura monástica galega. Conformado por unha maxestosa igrexa que conserva o retablo de maiores dimensións de Galicia, complétase con dous grandiosos claustros e a torre das campás.
- \* O visitalo poderemos tomar conciencia do poder económico e social que chegaron a acadar os grandes mosteiros galegos, adentrándonos, ó mesmo tempo, nos segredos artísticos do mellor e máis espectacular barroco galego.

Casa de Curros: O Rexurdimento da literatura galega e poesía do século XX

- \* Formada por dous edificios anexos, o feito de que neles crecese e forxase a súa personalidade o neno Manuel Curros Enríquez, constitúe razón de seu para ser considerado un dos templos da literatura galega.
- \* Un percorrido pola casa axudará a coñecer a Galicia literaria do século XIX, ademais de aproximarse a outros autores celanovenses de significada importancia na literatura galega posterior ó Rexurdimento, como é o caso de Celso Emilio Ferreiro ou Xosé Luis Méndez Ferrín.

Castromao: A cultura castrexa



Souto de castiñeiros nas ladeiras de Casasoá

Panorámica de Celanova dende a Casa da Neve





# 1 MOSTEIRO DE SAN SALVADOR

O mosteiro, eixe da vida comercial e social da comarca e centro de educación e cultura, expresa na súa fábrica as épocas de meirande esplendor da arquitectura monástica galega. Conformado por unha igrexa con planta de cruz latina, con tres naves de tres tramos cada unha, e unha transversal para formar cruceiro, conta ademais con senllos claustros arredor dos cales se distribúen tódalas dependencias. Este é o terceiro edificio dende os tempos do fundador e foi empezado a mediados do século XVI, aínda que o groso da edificación data do século XVII.

Na horta do noviciado pódese visitar a Capela de San Miguel que, rematada no ano 942, é o único elemento arquitectónico que se conserva da época do fundador. Construída con perfectos sillares de granito, mide 8,5 m. de longo por 6 m. de alto; ocupando unha planta de 22 m<sup>2</sup>. Tanto polas súas dimensións como pola singular configuración arquitectónica que a identifica, constitúe un exemplar único na Península Ibérica.

# CASA DE CURROS ENRÍQUEZ 6

Situada no número 37 da rúa que leva o nome do poeta, está formada por dous edificios anexos, un deles de constitución máis urbana e o outro, situado na parte traseira, de características máis rurais, con patio, lareira e dependencias adicadas a adegas ou cortes para o gando.

A construción urbana, que é a que accede á rúa Curros Enríquez, componse dun edificio construído a mediados do século XIX, formado por baixo e dúas plantas, cunha configuración arquitectónica típica das construcións urbanas desa época, en pedra de sillería e cunha disposición de luces verticais de amplos ventanais abalconados nos tres andares do edificio.

Pola traseira o edificio accede a unha horta con cuberta que tamén forma parte do conxunto.

Actualmente, baixo a denominación de “Casa dos Poetas”, centra a súa actividade na promoción dos escritores e poetas de Celanova, así como na dinamización da Ruta Currosiana, integrada en parte neste mesmo roteiro.

# 2 RUTA CURROSIANA

O obxectivo desta ruta é o de dar a coñecer ó visitante as paisaxes, lugares, paraxes, e elementos singulares do entorno próximo da vila de Celanova relacionados coa obra poética de Manuel Curros Enríquez. A ruta comeza na vila de Celanova, onde o poeta lle dedicou diversas composicións ó Mosteiro que, sen ben por unha banda representaba o edificio de referencia da súa infancia, pola outra simbolizaba o poder eclesial que el tanto combateu ó logo da súa vida en multitude de escritos e poemas, e especialmente no libro “O divino sainete”, que constiúe unha crítica feroz a toda a estrutura eclesiástica co seu Papa á cabeza. Lugares como Penalta, onde ubicou ó singular gaiteiro; Einibó, onde situou o ceremonial popular dunha voda, ou Vilanova dos Infantes, onde ten lugar a lenda da aparición da Virxe do Cristal, que lle deu pé para escribir tan fermosa composición, son algúns dos que se recorren por este primeiro tramo da ruta, onde tamén se poden contemplar outros elementos que sen formaren parte dela, son igualmente intersantes como é o caso da finca monacal da Coutada.



Percorrido aproximado: 18 Km

Texto e fotos: Antonio Piñeiro

# A CASA DA NEVE 5

O monte recibe este nome debido a que moi preto da coroa superior do promontorio os monxes do mosteiro de San Salvador construíron, probablemente na derradeira etapa da súa presenza no edificio, unha edificación que servía para almacenar a neve no inverno e compactala convenientemente de forma que logo transportada ata o mosteiro e transformada en xeo, servía para a conservación dos alimentos, así como para a elaboración de bebidas refrescantes. Con preto de 900 metros de altitude, a Casa da Neve é o fito orográfico da ruta e dende ela visualízase totalmente o seu percorrido. Debido ás circunstancias propias desa altitude, a súa vexetación é de arbustos, polo que permite contemplar unha grande panorámica, cara os catro puntos cardinais, destacando unha liña de horizonte onde se poden identificar os principais fitos orográficos da provincia de Ourense como a serra de San Mamede, Queixa, Monte Medo, O Suido, o Faro de Avián, a Serra de Fontefría ou a Serra do Leboreiro.

# 3 VILANOVA DOS INFANTES

O principal elemento histórico que identifica a Vilanova dos Infantes é o castelo, do que se conserva a torre da homenaxe.

Cunha procedencia común ás demais fortalezas do século XII galego, pertenceu durante moito tempo, e con el a vila, ó Mosteiro de Celanova. En 1369 Enrique II confiscoullo a Fernando de Castro para darlo a Juan Rodríguez de Biedma. Derrubado parcialmente pola revolta irmandiña, sería posteriormente reconstruído e a mediados do século XVI, contando entre as boas fortalezas de Galicia e sendo tamén unha peza de referencia nas posteriores loitas fronteirizas con Portugal.

A vila está coformada urbanisticamente por un caserío que se reparte concéntrico arredor da torre, onde abundan os canastos e as rúas que conservan o seu carácter medieval. A igrexa parroquial, barroca, está situada fóra do burgo e conserva no seu interior un dos grandes cristos medievais da provincia, procedente, probablemente, do antigo mosteiro de Santa María.

# CASTROMAO 4

Situado nunha plataforma orográfica, a 700 metros de altitude, dende esta ubicación contéplanse algúns dos castros máis importantes da provincia de Ourense, sobre os que o propio Castromao exercía o papel de capitalidade na súa organización social. Os seus poboadores, os Coelerni, asinaron un pacto de convivencia cos romanos, que quedou gravado nunha “tábula” de bronce.

O xacemento pasa por ser un dos principais referentes da cultura castrexa do Noroeste peninsular, tanto pola súa longa presenza no tempo (Sec. V a.C ata o Sec. II d.C) como pola riqueza documental que teñen sacado á luz os distintos arqueólogos que teñen estado á fronte das sucesivas investigacións que se viñeron levando a cabo ó longo do tempo.

A aparición de pezas coma o trisquel calado, a tábula de Castromao, a figura zoomorfa ou o tesouriño de moedas do Sec. I, todas elas conservadas no Museo Arqueolóxico Provincial, son algunhas das referencias que refrendan esta afirmación.